

**M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 20/09/2019 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.1. Solicitude de subvención da Asociación de veciños de San Pedro de Moreiras para organización andaina (Exp. 336/2019)

Dáse conta da instancia presentada por Jesús Álvarez Álvarez, en nome e representación da Asociación de veciños de San Pedro de Morerías, con CIF G32030355, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para sufragar os gastos de organización dunha andaina polo percorrido do PR-G 186 que vai ter lugar o vindeiro día 12/10/2019.


A entidade solicitante figura inscrita no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Toén en virtude do decreto da Alcaldía de data 07/08/2006. A persoa física que a representa figura no rexistro co cargo de presidente, como consecuencia da comunicación relativa ao cambio da xunta directiva desta asociación recibida no Concello (rexistro de entrada nº 1761, de data 04/08/2017).

Nas bases de execución (base 24^a, apartado 1) do orzamento do Concello de Toén para o exercicio 2019 consta unha axuda con carácter nominativo para a entidade Asociación de Veciños de Moreiras, con CIF G32030355, polo importe máximo de 1.000 €, con destino á organización dunha andaina polo municipio.

De acordo co disposto na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos os seus membros e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 19/06/2019 (BOP nº 166, do 20/07/2019),
ACORDA:

PRIMEIRO.- Concederlle á Asociación de Veciños de San Pedro de Moreiras, con CIF G32030355, unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste concello polo importe de 1.000,00 €, cantidade recollida na base 24, apartado 1, das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2019, con cargo á aplicación 341.48 do estado de gastos do orzamento. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados da organización da andaina polo percorrido do PR-G 186 que terá lugar o vindeiro día 12/10/2019. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.

SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.



TERCEIRO.- De acordo co establecido nos artigos 75 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén; a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais antes do día 16/12/2019 a conta xustificativa que conterá a seguinte documentación:

- ✓ Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- ✓ Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarse o seu pagamento.*
- ✓ Declaración subscripta polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.*
- ✓ Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento das actividades da entidade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.*
- ✓ Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social. Presentarase unha declaración responsable na que se faga constar tal circunstancia.*

.....”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde.

(Documento asinado electronicamente na marxe)



Cod. Validación: 3DF4ZGK96NE5X2H2M39ES4FGE | Corrección: http://concello.toen.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2